

COOPERATIVA DE EDITORES GALEGOS

Iago SANTOS CASTROVIEJO

Cooperativa de Editores Galegos

Descríbese a Cooperativa de Editores Galegos, s.coop. como unha cooperativa cultural que pretende "a utilización en común duns equipamentos e uns servizos co obxectivo de os socios promoveren unha actividade cultural e educativa creativa". Expóñense as súas funcións inmediatas, posibilidades futuras e as tarefas máis urxentes, sinaladamente, a constitución do equipo xerencial e a ampliación dos socios.

1. *Introducción.*

A Cooperativa de Editores Galegos constitúese en Novembro de 1993 logo dun ano de proxectos e de catro anos de antecedentes. O seu obxecto é definido no artigo 3 dos seus estatutos:

"a utilización en común duns equipamentos e uns servizos co obxectivo de os socios promoveren unha actividade cultural e educativa creativa, tanto no eido da creación e difusión artística, estudiosa, técnica, cultural e educativa, como na forma na que accede ós seus destinatarios, dando a súa finalidade por concluída cando apela ás plenas capacidades de autocreación dos seus socios como cando consigue despertar-lo interese da sociedade destinataria dos produtos e mensaxes culturais. Tamén é o seu obxecto o estímulo dos non socios á actividade cultural, artística, estudiosa e educativa.

Así mesmo, a cooperativa de editores galegos ten a vocación de orienta-lo lecer dos socios e tamén dos non socios cara actividades espiritualmente productivas, axudalos en medios, relacións e proxeccións; por fin colaborar a favorece-la súa actividade profesional, nucleando as enerxías que moitas veces non topan acomodo axeitado nas macroestructuras nas que moitos socios están integrados.

A súa actividade é polo tanto, o estudo, formación, edición, exposición, proxección, audición e tódalas formas de produción e difusión da arte, a ciencia e a técnica".

Foi a solución buscada a algúns problemas inmediatos, pensando tamén en moitas posibilidades futuras, xa que as novas formas de soporte perceptual e científico-técnico, cultural e comunicacional abren un mundo onde a persoa aillada necesita asociarse.

2. *Funcións inmediatas.*

O esencial da Cooperativa de Editores consiste en acceder a uns equipamentos, servicios e relacións comúns, que resolven colectivamente moitas situacións e insuficiencias que se lle presentan á persoa solitaria e mesmo ós equipos, permitíndolle así unha potenciación inmensa das súas posibilidades. Enumeremos:

- 1.- Dotarse colectivamente duns equipamentos de autoedición permiten a calquera socio que ou ben non dispón de ningún equipamento, ou ben accede a un ordenador persoal, poder facer autoedicións de calidade.

Non é necesario aquí extenderse nas posibilidades da autoedición hoxe en día: a certos efectos, permite difundir correctamente un texto, sexa como versión definitiva de exemplares reducidos, sexa como versión provisional que se propón a discusión, sexa como traballos fraccionais que se queren poñer ó dispor dos demais, sexa como formas de entregar "á carta" uns materiais.

Os socios poderían, ademais, dar a coñecer mutuamente o estado dos seus traballos, vía catálogo de obras en autoedición, e facilitar así os intercambios e a comunicación.

- 2.- O apoio que un socio pode conseguir da cooperativa —dos demais socios e da estrutura operativa— é tamén unha oportunidade valiosa: un socio pode ter un proxecto de tradución e difusión de un libro, pero necesita que o axuden na financiación, edición e distribución. Ou ben hai xente que, tendo capacidade de creación, ten algunhas insuficiencias —de posta en orde, de redacción de partes, de consello, discusión e outras axudas, de alento— e sempre poderá topar todo isto na cooperativa. Poderíamos falar de moitas outras formas de apoio mútuo que permitirían potencia-las capacidades de cada un, estimulando así a colaboura de todos á cultura.

Este apoio pode ser importantísimo para a difusión de experiencias e materiais educativos entre educadores, especialmente cando se pretende que estas experiencias e materiais vaian acompañados de formas de conversación, intercambio e fórmulas operativas.

- 3.- O acceso ás subvencións. A actividade de edición de libros en Galicia está masivamente subvencionada. Os perceptores desas subvencións son editoriais que utilizan moitas veces nun sentido moi particular esas subvencións: esas editoriais —empresas capitalistas— subcontratan a imprentas portuguesas con cargo ós presupostos públicos galegos; deciden a conformación das "élites intelectuais"; orientan como lles parece o mundo editorial: como o mercado galego é reducido, o que máis vale son as relacións privilexiadas coas persoas da Administración Pública, o que con frecuencia se traduce na perversión da cultura segundo os intereses, relacións e criterios das editoriais. Como

son empresas capitalistas, os autores e interesados non teñen posibilidade de influiren con voz, voto e proxecto nun proceso cultural financiado con fondos públicos, pero "concentrando privadamente" as decisións.

A Cooperativa de Editores abre posibilidades a esta democratización e participación do autor e usuario no proceso.

- 4.- A orientación do proceso: a través da Cooperativa de Editores os socios poden facer notar as necesidades de libros e propoñe-los libros a ser editados. Desta maneira poderase atinar moito máis no labor editorial global.
- 5.- A influencia na vida social do libro: pódense facer valer criterios, como por exemplo, que se vigore e se dote ás bibliotecas escolares; que se robusteza a rede bibliotecaria e que se cultive a necesidade da lectura e a sensibilidade artística e científico-técnica, antes ca limitarse a subvencionar indiscriminadamente os libros que lle pareza ó funcionario de turno. Que os libros sexan demandados por bibliotecarios á fronte de bibliotecas dotadas antes ca subvencionados polas DX de Cultura e Lingoa permitiría dar un paso decisivo cara á mellora dos criterios orientativos das liñas editoriais.
- 6.- Apoio a moitas formas de creación e difusión cultural. Por exemplo, un pintor xoven con cualidades terá unha probabilidade moi alta de malograrse, ou de quedarse en moito menos do que podería ser nun país como o noso, onde a información non circula ben e está moi fraccionada, a sensibilidade é insuficiente e os circuitos funcionan interesadamente. O coñecemento mútuo e o alento dunha cooperativa de consumidores podería permitir darlle outras dimensións ás súas posibilidades vitais. Isto pódese dicir para moitas outras formas de arte e de cultura. Así, axudaríase a independizar a vida cultural dos intereses comerciais consistentes no acceso a entidades distribuidoras e que supeditan as súas actividades ós intereses mercantís a curto prazo.
- 7.- A vida cultural está moitas veces cautiva de organizacións máis ou menos burocratizadas que agobian a creatividade e onde priman formas de perversión, como a "lei de ferro da oligarquía" e outras. Por exemplo, moitos educadores tópanse nun sistema de ensino burocratizado moi difícil de sensibilizar a principios como a necesidade de vigorar a vida intelectual e emocional dos estudantes: se se saen das relacións burocráticas e organizativas, non serán oídos por ninguén. Pero sempre poderán, dende unha Cooperativa de Editores, ter máis eco nas súas reflexións sobre os procesos e administracións educativas. Isto é tamén válido para grandes —e menos grandes— empresas, institucións e organizacións que non son habitualmente sensibles ós

cambios do contorno, e que teñen autoxustificacións moi impenetra-
bles sobre moitos dos seus comportamentos, e están blindadas ás re-
flexións que se lle propoñan.

3. Posibilidades que se abren a un futuro próximo.

Pero o maior valor da Cooperativa de Editores está nas posibilidades a des-
envolver no futuro, especialmente para un país afastado e disperso como o
noso, onde o acceso ós procesos máis dinámicos de tratamento da información
e da comunicación son difíciles, e en moitos casos causan a marxinalización, ó
seu pesar, de moitas persoas interesadas e cualificadas. Podemos sinalar algun-
has:

- A) O acceso a bases de datos e á información mundializada. A través da
Cooperativa, unha persoa podería acceder, dende calquera punto do
país, de maneira moi fluída, a calquera información, base de datos,
rede de relacións, etc. sempre e cando a cooperativa optara por orga-
nizar este servizo, que podería organizar e orientar moi barata e fluí-
damente sempre e cando contara cun número axeitado de socios inte-
resados.
- B) Ademais, as informacións de interese para calquera usuario —dende
un profesional a un xoven— son hoxe moi complexas e de orixe moi
diversa. Pero pódense organizar, cun esforzo mínimo, axeitadamente,
para varios usuarios.
- C) O futuro desenvolvemento de moitas formas de telecomunicación, co-
municación interactiva, as posibilidades da realidade virtual e das
"autopistas da comunicación" e redes electrónicas fannos pensar que
se non somos capaces de organizar entre nós estes procesos, afonda-
remos na marxinalidade. Dende unha cooperativa con suficiente nú-
mero de socios estes procesos son moito máis abordables, e pódese,
ademais, acceder máis doadamente ás políticas europeas ó respecto,
que teñen no desenvolvemento destas infraestructuras unha priorida-
de estratéxica.

Isto, por citar algunhas das súas posibilidades futuras. Poderíase falar de
moitas máis, pero non é o momento de abandoarse á imaxinación. Hai que dar,
antes, outros pasos.

4. As tarefas inmediatas.

Agora mesmo son dous os problemas a resolver: constituír o equipo xeren-
cial, en primeiro lugar; e amplia-lo número de socios, en segundo lugar. É neces-
ario formar un equipo xerenial comprometido co proxecto e que sexa capaz
de levalo adiante, o que na situación actual, requirirá un ou dous anos. E fai

falta, tamén, conseguir un número de socios non inferior a 300. Hoxe somos doce. Pero, anque os requerimentos de entrada son modestos —aportación de 25000 pts—, non debemos facer unha campaña aberta de captación de socios antes de asegurarlles o bo éxito da empresa, éxito que só poderá ser asegurado por un equipo xerencial comprometido. Pero si podemos pedirlle que se fagan socios a aquelas persoas que crean nas posibilidades do proxecto e queiran comprometerse nun proceso que saben de antemán que entrará en operación "ó paso".

5. Final.

A Cooperativa de Editores ten agora en fondos a penas cinco títulos e unha publicación semestral. Cuns fondos tan limitados —que só poderá ampliar co tempo e co esforzo de edición— tampouco lle resulta económico organizar unha estrutura de distribución como a que necesita unha empresa destas características. Pode ter interese potenciar tamén moitos procesos editoriais e culturais dispersos, que poderían así ter moitas máis posibilidades de redimensionárense. Un inconveniente aparece polo lado legal, que non permite ás cooperativas de consumidores e usuarios teren como socios persoas xurídicas, o que impide ás asociacións e centros de ensino facérence socias, cando poderían xogar un papel tan fundamental, e mesmo unha asociación —a Asociación Para A Economía Social— foi unha firme impulsora e interesada na cooperativa. A Lei Xeral de Cooperativas non desenvolve —anque as cita— as características peculiares da cooperativa cultural, que engloba nas cooperativas de consumidores e usuarios sen máis, polo que moitas posibilidades do cooperativismo cultural tropezarán tamén, nos próximos anos, con este problema de non teren un marco legal axeitado. Anotemos mesmo o desenvolvemento de tódalas posibilidades de facer creativo e socialmente útil a vida extra-laboral, co futuro ascenso do número de xubilados e do tempo de lecer. Ademais, tamén tropezaremos coas dificultades dunha cultura individualista e fraccionada onde moitas persoas conténtanse co mundo que controlan, e negan o valor do mundo que se lles escapa e do mundo construído polos demais. Pero mesmo con estas limitacións, o futuro do cooperativismo cultural é apaixonante, e por isto solicitamos a presenza activa de quen pense que vale a pena intentar o proxecto en tódalas súas posibilidades e ambicións.

SUMMARY

The Cooperativa de Editores Galegos is described as a cultural co-operative that seeks "the use in common of a series of equipment and services with the objective of promoting among its members creative cultural and educational activities". The immediate functions and future possibilities are expounded along with the most urgent tasks, chiefly the constitution of a managerial team and the enlargement of the number of members.

